



Confederación Intersindical Galega  
ADMINISTRACION PUBLICA

## VERDADES E MENTIRAS SOBRE A FOLGA

1. A Reforma Laboral non afecta as/os funcionarias/os. **FALSO.** Toda reforma laboral afecta directa e indirectamente as/os traballadores públicos, tanto esta como as anteriores. E aínda queda a reforma das pensións, co aumento dos tempos de cotización e da idade de xubilación. Cuestión aparte é que non somos unha illa, todos temos familiares ou amigos/os que se verán gravemente afectados pola reforma laboral.
2. E unha pelexa dos Sindicatos. **FALSO.** Dentro la vixente legalidade os **Sindicatos son os únicos con capacidade legal para convocar unha folga.** *As folgas convócanas os sindicatos, mais son as/os traballadores quen as montan.* Pensar que facer esta folga é apoiar os sindicatos é tan parvo como creer que non facela vai perxudicalos. Os sindicatos continuarán a existir sexa cal fora o resultado desta folga.
3. Tiña que convocarse antes. **CERTO, CON MATICES.** A redución do salario das/os empregados públicos e a conxelación das pensións e a nova reforma laboral, **son só os primeiros pasos de máis medidas contra a crise** (palabras do actual ministro de traballo), falta a reforma das pensións, da Seguridade Social, sanidade e educación, etc. Aquí voltamos ao punto 2: os sindicatos son os únicos con capacidade legal de convocatoria, e unha folga xeral en todo o Estado só pode ser convocada por sindicatos con representación legal en todo o territorio estatal. Neste sentido, lembre que a CIG leva pedindo aos sindicatos estatais que convoquen a folga xeral desde hai máis de dous anos, pero está claro que ese “retraso” na convocatoria non pode ser unha razón ou escusa para non apoiar a folga.
4. Xá non se pode cambiar. **FALSO.** A última Folga Xeral (gobierno Aznar) foi convocada logo da publicación da súa Reforma Laboral coa que se conseguiu modificar varios puntos e deixar sen efecto outros. En Francia e Holanda botouse para atrás a Reforma tras as mobilizacións, e en Grecia a reforma aprobouse, mais aínda non se aplica, e xa non se exige a débeda externa que tiña que pagar a os U.E./F.M.I./U.S.A./Banco Mundial.
5. Estas medidas pasarán en canto remate a Crise. **FALSO.** Estas medidas, e outras que virán **NON SÓ POLA CRISE.** A Crise é so a escusa. Estas medidas forman parte da fase actual do capitalismo (o chamado Neo-Liberalismo) que pide unha redución ao mínimo do Estado (só policía, exército e xustiza) privatizando sanidade, educación, pensións, etc; e liberalizando todo o mercado de traballo (redución de salários, pensions, baixas laborais, aumento da precariedade, horario e vida laboral, etc). O chamado Estado do Benestar só foi unha alteración temporal no capitalismo, produto do medo o avance do comunismo logo da Segunda Guerra Mundial. Toca xa voltar à natureza do capitalismo: **augmentar ao máximo a concentración da riqueza no menor numero de mans.**

Que ninguén se engane, todo se pode privatizar, hai concellos coa recadación, a xestión e mesmo o departamento de persoal, xestionados por empresas privadas. Muface leva camiño de desaparecer e vai a peor a educación, a sanidade, as pensións, a seguridade, ect. E, por riba, o ano que ven un 5% menos no salario.

**¿¿¿Realmente pensas que te mereces isto???**

**Folga xeral o 29 de setembro**